

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA COLABORACIÓN NA PROCURA DA MELLORA NA CALIDADE DO SISTEMA EDUCATIVO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

DECLARA:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia durante catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto fixar un marco de colaboración institucional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo que redunde na mellora da formación do alumnado das titulacións impartidas por esta universidade habilitantes para o exercicio da docencia.

A Consellería e a UVIGO, a través das Facultades de Educación e Traballo Social e de Ciencias da Educación e do Deporte, colaborarán na creación e xestión dun "Polo creativo demostrador" na Facultade de Educación e Traballo Social (Campus de Ourense) e na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra). A tal efecto a Consellería cederá o material e equipamento correspondente e facilitará o acceso á formación en Polos creativos ofertada pola Rede de Formación Permanente do Profesorado. A UVIGO, pola súa banda facilitará un espazo axeitado e suficiente, encargándose do correcto mantemento do material cedido e fomentando o seu uso en actividades formativas para os/as futuros/as docentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundamentase no seguinte:

Primeiro.-Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, a Consellería) é consciente da importancia dunha formación inicial docente de calidade e aliñada coa realidade actual dos centros educativos en Galicia, coñecendo tanto a súa historia e desenvolvemento como os programas e plans que na actualidade están en funcionamento no



sistema educativo en Galicia. En especial, resulta vital que a formación inicial do profesorado afonde nos procesos de dixitalización ética dos centros educativos e o desenvolvemento de competencias no marco do enfoque da aprendizaxe ao longo da vida.

Segundo.- Que a Facultade de Educación e Traballo Social e a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo (UVIGO) ofertan os Graos de Educación infantil e Educación primaria, así como o Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, todos eles títulos habilitantes para o exercicio da docencia. Ademais, ofertan outras titulacións, todas relacionadas coa Educación, que son relevantes na mellora da calidade docente e educativa en sentido amplo, como o Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos, o Mestrado Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos e o Máster Universitario en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para a Educación Infantil e Primaria.

Terceiro.- Que a Consellería e a UVIGO coinciden en considerar que a calidade do sistema educativo galego, a súa equidade e os procesos de innovación que isto implica, precisan de coordinación e cooperación para o desenvolvemento de competencias profesionais docentes relevantes, actualizadas e de calidade durante a formación inicial, que permita a incorporación ao sistema educativo galego de docentes competentes que dean resposta aos desafíos e necesidades do seu tempo.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1, rexéndose polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Manuel Vila López

